

MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA A REALIZACIÓN DOS EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO (1 e 2 setembro de 2020)

Co obxecto de crear unha contorna escolar saudable e segura durante a celebración das probas extraordinarias de setembro do curso 2019-2020, adoptaránse as seguintes medidas de obrigado cumprimento por toda a comunidade educativa:

- Todas as probas extraordinarias serán presenciais, agás no caso de aparición de sintomatoloxía compatible con infección por COVID-19 ou confinamento domiciliario por motivos de saúde pública.
 - Non poderá acudir ao centro ningún/ha alumno/a que presente temperatura corporal superior a 37,5° ou síntomas que requiran a realización da proba PCR.
 - En caso de que algún/ha alumno/a presente sintomatoloxía compatible ou deba permanecer en confinamento domiciliario, as probas desenvolveráanse de xeito telemático. Para poder realizar a proba telemáticamente deberá aportarse á maior brevidade posible informe médico no que se fagan constar estas circunstancias.
 - En ningún caso, se realizará ningunha proba extraordinaria máis alá do mércores 2 de setembro.
- O alumnado só poderá permanecer no centro o tempo imprescindible para a realización das probas.
- Ao chegar ao centro, o alumnado agardará no exterior do edificio, mantendo a distancia de seguridade e sen agruparse ata que sexa conducido polo/a profesor/a correspondente ao lugar de celebración da proba. Deberá empregar mascarilla durante todo o tempo que permaneza nas instalacións.
- Tanto o alumnado como o profesorado, deberá desinfectar as mans co hidroxel que estará disposto na entrada do edificio.
- Todo o mundo deberá circular sempre pola súa *dereita*, se agruparse, respectando as sinalizacións.
- Todas as probas se realizarán no Salón de Actos.
- O alumnado deberá acudir co seu propio material (non é posible compartir material) e ocupará os postos indicados. Ao rematar, e antes de abandonar o Salón de Actos, deberá limpar e desinfectar o posto utilizado (proporcionaránselle os elementos necesarios para elo).
- Calquera decisión do profesorado de realizar as probas fora do Salón de Actos, implica asumir a adaptación do protocolo COVID-19 (22 de xullo de 2020) máis as medidas sanitarias aprobadas na reunión dos Ministerios de Sanidade e Educación coas CC.AA. (e calquera outra modificación que sufran estes documentos ata a data de realización do exame).